



RESOLUCIÓN

Solicitud de acceso á información pública:

Persoa solicitante: **Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU**
Expediente: **781 – 441**
Documento: **210010923**
Data de entrada: **22.01.21**
Asunto: **PETICIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE EXPEDIENTE DE PRÓRROGA CONTRATO CONCESIÓN XESTIÓN INTEGRAL DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS DE VIGO**

Persoa solicitante: **Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU**

Antecedentes

O día 22/01/21 , presenta escrito polo Rexistro Xeral do Concello de Vigo a persoa de referencia, solicitando acceso á información pública nos seguintes termos:

“SOLICITUD DE ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA”

“(…) expediente prórroga para o contrato de concesión administrativa da xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo a favor da concesionaria FCC Aqualia Vigo UTE exp.: 742/441”, o acceso ao expediente que conforma dito expediente (…)”

Posteriormente solicita unha serie de informes que forman parte do devandito expediente así como “proposta de pregos de prescricións técnicas elaborados para a nova licitación da concesión do ciclo integral d auga en este Concello, entre outros documentos pola consultora SERYE Ingenieros S.L. (...)”

Normativa de aplicación

Constitúe obxecto da presente proposta a regulación sobre expedientes administrativos e guías de tramitación contida e derivada da seguinte lexislación:

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#) (LPAC)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público](#) (LRXSP)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local](#) (LBRL)
- [Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais](#) (ROFRXEL)
- [Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local](#) (LRSAL)
- [Carta europea de autonomía local](#), en Estrasburgo o 15.10.1985 (CEAL)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais](#) (LOPDGDD)

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 12:56	Páxina 1 de 8
781-441		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)
- [Documento de Política de Xestión Documental do Concello de Vigo do 12.05.2017 \(DPXD\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno \(LTBG\)](#)
- [Resolución de Alcaldía de delegacións xerais do 18.06.2019](#)
- [Resolución de Alcaldía de competencias específicas do 26.06.2019](#)
- [Acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019 de delegacións](#)
- [Acordo da Xunta de Goberno Local de 05.07.2019 de ampliación de delegacións](#)

Competencia

De conformidade co disposto no Decreto da Excelentísima Alcaldía de data 23.02.2016, a competencia par a resolución da solicitudes de acceso á información pública ao abeiro da LTAIBG, reside na Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, no contexto do réxime competencial establecido na lexislación básica sobre réxime local (LBRL). En exercicio das competencias atribuídas por delegación por Resolución de Alcaldía de delegacións xerais do 18.06.2019, e específicas do 26.06.2019 e por acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019 e de 04.07.2019, corresponde á Concellería de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal a resolución destas solicitudes.

Informe-Proposta

En relación á solicitude referida, e ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, de 18 de novembro, infórmase o seguinte:

Sobre o dereito de acceso

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que:

"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

A definición do concepto legal de información pública aparece no artigo 13 da LTAIBG, que detalla:

"Se entiende por información pública los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."

O dereito de acceso á información pública poderá ser limitado, consonte ao establecido no artigo 14, nos supostos seguintes:

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 12:56	Páxina 2 de 8
781-441		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"1. El derecho de acceso podrá ser limitado cuando acceder a la información suponga un perjuicio para:

- a) La seguridad nacional.
- b) La defensa.
- c) Las relaciones exteriores.
- d) La seguridad pública.
- e) La prevención, investigación y sanción de los ilícitos penales, administrativos o disciplinarios.
- f) La igualdad de las partes en los procesos judiciales y la tutela judicial efectiva.
- g) Las funciones administrativas de vigilancia, inspección y control.
- h) Los intereses económicos y comerciales.
- i) La política económica y monetaria.
- j) El secreto profesional y la propiedad intelectual e industrial.
- k) La garantía de la confidencialidad o el secreto requerido en procesos de toma de decisión.
- l) La protección del medio ambiente.

2. La aplicación de los límites será justificada y proporcionada a su objeto y finalidad de protección y atenderá a las circunstancias del caso concreto, especialmente a la concurrencia de un interés público o privado superior que justifique el acceso.

3. Las resoluciones que de conformidad con lo previsto en la sección 2.^a se dicten en aplicación de este artículo serán objeto de publicidad previa disociación de los datos de carácter personal que contuvieran y sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado 3 del artículo 20, una vez hayan sido notificadas a los interesados."

Cando a solicitude non identificara de forma suficiente a información desexada, o artigo 19.2 da LTAIBG sinala a posibilidade de facer un requirimento á persoa solicitante para concretala nun prazo de 10 días, con suspensión do prazo máximo para resolver e téndoa por desistida caso de non atendela.

En ningún caso é obrigatorio motivar as solicitudes de acceso á información pública, segundo o artigo 17.3 da LTAIBG, nin que isto supoña causa de rexeitamento. Isto non impedirá que as persoas que así o desexen expoñan os seus motivos, que poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución.

Unha solicitude de acceso á información pública será denegada cando aínda que a información se atopara en poder do órgano ao que está dirixida, fora elaborada ou xerada na súa integridade ou parte principal por outro, ao que se lle dará traslado para oportuno trámite e decisión sobre o acceso (artigo 19.4 LTAIBG).

Cabe a posibilidade de que a información pedida xa fora feita pública pola administración competente ou por calquera outra sen coñecemento das persoas petionarias. A este respecto, e consonte ao disposto no artigo 22.3 da LTAIBG, enténdese que se a información xa fora publicada, a resolución poderá limitarse a indicar á persoa solicitante como acceder a ela.

Sobre os dereito de acceso aos expedientes das persoas interesadas

A documentación requirida pola persoa solicitante constitúe parte de expedientes

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 12:56	Páxina 3 de 8
781-441		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

elaborados no decurso habitual da labor administrativa, polo que ademais da LTAIBG opera a LPAC.

Para o exercicio do dereito de acceso á información pública non é necesario manter a condición de persoa interesada no expediente. Na disposición adicional primeira da LTAIBG indícase que cando se teña a condición de interesado nun procedemento administrativo en curso, será a normativa reguladora do procedemento administrativo a que se aplique para os procedementos de acceso aos documentos que o integren. De igual modo, de existir normativa específica sobre a información e documentos e o seu acceso, a LTAIBG manterá un carácter supletorio ou só de aplicación no non previsto:

"Disposición adicional primera. Regulaciones especiales del derecho de acceso a la información pública.

- 1. La normativa reguladora del correspondiente procedimiento administrativo será la aplicable al acceso por parte de quienes tengan la condición de interesados en un procedimiento administrativo en curso a los documentos que se integren en el mismo.*
- 2. Se regirán por su normativa específica, y por esta Ley con carácter supletorio, aquellas materias que tengan previsto un régimen jurídico específico de acceso a la información.*
- 3. En este sentido, esta Ley será de aplicación, en lo no previsto en sus respectivas normas reguladoras, al acceso a la información ambiental y a la destinada a la reutilización."*

Se a persoa solicitante tivese a condición de interesada no procedemento, deberá polo tanto, garantirse o seu dereito de acceso e obtención de copias do expediente dun modo mais amplo, en atención ás garantías do artigo 53 da LPAC:

Artículo 53. Derechos del interesado en el procedimiento administrativo.

1. Además del resto de derechos previstos en esta Ley, los interesados en un procedimiento administrativo, tienen los siguientes derechos:

a) A conocer, en cualquier momento, el estado de la tramitación de los procedimientos en los que tengan la condición de interesados; el sentido del silencio administrativo que corresponda, en caso de que la Administración no dicte ni notifique resolución expresa en plazo; el órgano competente para su instrucción, en su caso, y resolución; y los actos de trámite dictados. Asimismo, también tendrán derecho a acceder y a obtener copia de los documentos contenidos en los citados procedimientos.

Quienes se relacionen con las Administraciones Públicas a través de medios electrónicos, tendrán derecho a consultar la información a la que se refiere el párrafo anterior, en el Punto de Acceso General electrónico de la Administración que funcionará como un portal de acceso. Se entenderá cumplida la obligación de la Administración de facilitar copias de los documentos contenidos en los procedimientos mediante la puesta a disposición de las mismas en el Punto de Acceso General electrónico de la Administración competente o en las sedes electrónicas que correspondan.

Sobre os datos de carácter persoal

No relativo á eventual incidencia do dereito de acceso á información pública na esfera dos datos de carácter persoal, o artigo 15 contempla expresamente que:

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 12:56	Páxina 4 de 8
781-441		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Artículo 15. Protección de datos personales.

1. Si la información solicitada contuviera datos especialmente protegidos a los que se refiere el apartado 2 del artículo 7 de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, el acceso únicamente se podrá autorizar en caso de que se contase con el consentimiento expreso y por escrito del afectado, a menos que dicho afectado hubiese hecho manifiestamente públicos los datos con anterioridad a que se solicitase el acceso.

Si la información incluyese datos especialmente protegidos a los que se refiere el apartado 3 del artículo 7 de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, o datos relativos a la comisión de infracciones penales o administrativas que no conllevasen la amonestación pública al infractor, el acceso sólo se podrá autorizar en caso de que se cuente con el consentimiento expreso del afectado o si aquél estuviera amparado por una norma con rango de Ley.

2. Con carácter general, y salvo que en el caso concreto prevalezca la protección de datos personales u otros derechos constitucionalmente protegidos sobre el interés público en la divulgación que lo impida, se concederá el acceso a información que contenga datos meramente identificativos relacionados con la organización, funcionamiento o actividad pública del órgano.

3. Cuando la información solicitada no contuviera datos especialmente protegidos, el órgano al que se dirija la solicitud concederá el acceso previa ponderación suficientemente razonada del interés público en la divulgación de la información y los derechos de los afectados cuyos datos aparezcan en la información solicitada, en particular su derecho fundamental a la protección de datos de carácter personal.

Para la realización de la citada ponderación, dicho órgano tomará particularmente en consideración los siguientes criterios:

a) El menor perjuicio a los afectados derivado del transcurso de los plazos establecidos en el artículo 57 de la Ley 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español.

b) La justificación por los solicitantes de su petición en el ejercicio de un derecho o el hecho de que tengan la condición de investigadores y motiven el acceso en fines históricos, científicos o estadísticos.

c) El menor perjuicio de los derechos de los afectados en caso de que los documentos únicamente contuviesen datos de carácter meramente identificativo de aquéllos.

d) La mayor garantía de los derechos de los afectados en caso de que los datos contenidos en el documento puedan afectar a su intimidad o a su seguridad, o se refieran a menores de edad.

4. No será aplicable lo establecido en los apartados anteriores si el acceso se efectúa previa disociación de los datos de carácter personal de modo que se impida la identificación de las personas afectadas.

5. La normativa de protección de datos personales será de aplicación al tratamiento posterior de los obtenidos a través del ejercicio del derecho de

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 12:56	Páxina 5 de 8
781-441		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acceso.”

Sobre a inadmisión de solicitudes

Aínda que o dereito de acceso á información pública e o dereito á información son dereitos constitucionais que este concello debe respectar e garantir, caberá a inadmisión a trámite mediante resolución motivada daquelas solicitudes que se atopen nalgún dos supostos seguintes:

"Artículo 18. Causas de inadmisión.

1. Se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, las solicitudes:

a) Que se refieran a información que esté en curso de elaboración o de publicación general.

b) Referidas a información que tenga carácter auxiliar o de apoyo como la contenida en notas, borradores, opiniones, resúmenes, comunicaciones e informes internos o entre órganos o entidades administrativas.

c) Relativas a información para cuya divulgación sea necesaria una acción previa de reelaboración.

d) Dirigidas a un órgano en cuyo poder no obre la información cuando se desconozca el competente.

e) Que sean manifiestamente repetitivas o tengan un carácter abusivo no justificado con la finalidad de transparencia de esta Ley.

2. En el caso en que se inadmita la solicitud por concurrir la causa prevista en la letra d) del apartado anterior, el órgano que acuerde la inadmisión deberá indicar en la resolución el órgano que, a su juicio, es competente para conocer de la solicitud."

Sobre a posibilidade de limitar o dereito de acceso á información pública se pronuncia o artigo 14 da LTAIBG, con expresión de que poderá exercerse dun modo xustificado e proporcionado ao seu obxecto e finalidade, atendendo ás circunstancias de cada caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público e privado superior que xustifique o acceso, cando exista un prexuízo para:

- a) a seguridade nacional,
- b) a defensa,
- c) as relacións exteriores,
- d) a seguridade pública,
- e) a prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios,
- f) a igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva,
- g) as funcións administrativas de vixilancia, inspección e control,
- h) os intereses económicos e comerciais,
- i) a política económica e monetaria,
- j) o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial,
- k) a garantía da confidencialidade ou o segredo requirido nos procesos de toma de decisión,
- l) a protección do medio ambiente.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 12:56	Páxina 6 de 8
781-441		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No caso da aplicación dalgúns destes límites, cando non afecten á totalidade da información solicitada, materializarase un acceso parcial (artigo 16 LTAIBG), no que se omita a información afectada, sen que se derive unha información sen sentido ou distorsionada e facendo indicación expresa da parte omitida. No suposto de que a mera indicación da existencia ou non da información supuxera a súa vulneración, desestimarase a solicitude facendo indicación desta circunstancia.

Sobre a resolución e o acceso

A resolución pola que se conceda ou denegue o acceso deberá ser notificada ás persoas solicitantes e a terceiros identificados que así o solicitaran, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte á recepción da solicitude polo órgano competente para resolver, con independencia das oportunas suspensións do prazo así como da obriga de resolver aínda que foxe de forma extemporánea.

Cabe tamén a posibilidade de ampliar este prazo por outro mes mais no caso de que o volume ou complexidade da información requirida así o fixera necesario, previa notificación á persoa que promove o procedemento.

O acceso á información cando este se autorice, realizarase con preferencia por vía electrónica, salvo cando non fora posible ou a persoa solicitante sinalara expresamente outro medio. Cando non puidera darse o acceso no momento da notificación da resolución, deberá outorgarse en calquera caso nun prazo non superior a 10 días (artigo 22 LTAIBG).

Este acceso será de balde, coas precisións económicas que a expedición de copias ou transposición da información a diferentes formatos puidera impoñer a nivel de taxas ou prezos públicos, conforme á normativa tributaria e as ordenanzas locais.

En canto á formalización do acceso á información, o artigo 22.3 da lei de transparencia contempla que:

"Si la información ya ha sido publicada, la resolución podrá limitarse a indicar al solicitante cómo puede acceder a ella."

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista da proposta que precede, elévase ao órgano indicado a seguinte proposta de resolución:

"PRIMEIRO.- Resolver a solicitude de acceso á información pública de referencia formulada por Dna Dna. [REDACTED] en nome e representación de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU, formula mediante escrito de data 22.01.2021 estimando a solicitude formulada de acceso ao expediente 742/441.

O mesmo poderá ser descargado no seguinte enlace:

SEGUNDO.- Inadmitir parcialmente a solicitude de acceso á información pública de referencia formulada por Dna Dna [REDACTED], en nome e representación de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU, formula mediante escrito de data 22.01.2021 no que se refire ao acceso á "proposta de pregos de prescripcións técnicas elaborados para a nova licitación da concesión do ciclo integral da auga en este Concello, entre outros documentos pola consultora SERYE Ingenieros S.L. (...)"

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 12:56	Páxina 7 de 8
781-441		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ao amparo do artigo 18 apartado a) e apartado b) da da Lei 19/2013, do 19 de decembro, de transparencia, bo goberno e acceso á información pública.

TERCERO.- Notificar a presente ao interesado, a Secretaría do Goberno Local e ao Grupo Técnico de Transparencia do Concello de Vigo para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer reclamación perante o Valedor do Pobo de Galicia, nos termos e condicións do establecido no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

A reclamación perante o órgano independente de control terá a consideración de substitutiva dos recursos administrativos, así como un carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, segundo o artigo 28.2 da norma citada no parágrafo anterior.

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

O Xefe Administrativo e de Control Orzamentario. Óscar Couze Senra.

A Concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal - Patricia Rodríguez Calviño.

Dou fe, A Secretaria do Goberno Local - M^a Concepción Campos Acuña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 12:56	Páxina 8 de 8
781-441		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		